



PROXECTO DE XESTIÓN

2023/2027

EQUIPA DIRECTIVA CEIP ALBORADA
Ceip.alborada@edu.xunta.gal

ÍNDICE

1.	Legislación aplicable para a elaboración e xustificación do orzamento	3
2.	Criterios para a elaboración do orzamento anual do centro e para a distribución dos ingresos entre as distintas partidas de gasto	3
2.1.	Principios	3
2.2.	Etapas na confección do proxecto económico.....	6
2.3.	Distribución dos ingresos entre as distintas partidas de gasto	6
3.	Criterios para a xestión das substitucións das ausencias do profesorado	7
4.	Medidas para a conservación e renovación das instalacións e do equipamento escolar	8
4.1.	Conservación e renovación das instalacións e edificio do centro.....	8
4.2.	Conservación, inventario e renovación do equipamento escolar.....	9
5.	Criterios para a obtención de ingresos derivados da prestación de servizos distintos dos gravados por taxas, así como outros fondos procedentes de entes públicos, privados ou particulares. Todo isto sen prexuízo de que reciban da administración os recursos económicos para o cumprimento dos seus obxectivos anuais.....	11
6.	Procedementos para a elaboración do inventario anual xeral do centro	12
7.	Criterios para unha xestión sostible dos recursos do centro e dos residuos que, en todo caso, será eficiente e compatible coa conservación do medio ambiente.....	12
8.	Outros aspectos relativos á xestión económica do centro non contemplados na normativa vixente, á cal, en todo caso, deberá supeditarse	14

1. Lexislación aplicable para a elaboración e xustificación do orzamento

O Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía de xestión económica nos centros docentes públicos non universitarios (DOG do 4 de abril) establece, na súa disposición transitoria, que mentres non se desenvolva o Decreto mantense a vixencia da Orde do 12 de xaneiro de 1988 (DOG do 21 de xaneiro).

2. Criterios para a elaboración do orzamento anual do centro e para a distribución dos ingresos entre as distintas partidas de gasto

2.1 A elaboración do orzamento anual realizarase tendo en conta os seguintes principios:

- **Coherencia:** relación do orzamento co Proxecto Educativo e co Proxecto Directivo do Centro.
- **Realismo:**
 - Axeitado aos recursos do centro e sobre a base dos recursos económicos consolidados en cursos anteriores.
 - Partindo sempre dos remanentes do exercicio anterior e dos gastos probables que terán lugar durante o ano.
 - A única cantidade real é a que corresponde aos remanentes. A cantidade correspondente a ingresos e predicible, aínda que non exacta e con datas de ingreso moi variables, sen embargo, as cantidades de gastos son estimadas.
- **Análise (universalidade):**
 - É preciso engadir os ingresos e gastos.
 - Analizaranse os ingresos de cada exercicio, sendo na actualidade:
 - Ingresos para gastos de funcionamento da Consellería de Cultura e Educación.
 - Ingresos para o desenvolvemento de actividades complementarias ou extraescolares que corresponde ás familias (entradas, transporte...)

- Ingresos para o Fomento da Dinamización da Lingua Galega.
- Ingresos de Plambe
- Ingresos de Contratos Programa ou outros proxectos dependentes da Consellería.
- Os gastos axustaranse seguindo os criterios de:
 - Criterio de prioridade.
 - Criterio de rentabilidade.
 - Criterio de aproveitamento.
 - Criterio de material simple.
 - Criterio de mantemento.
 - Criterio de compensación.
- **Integridade:**
 - Todos os ingresos e gastos engadiranse na súa integridade.
 - O orzamento confeccionarase seguindo o criterio establecido na lexislación vixente.
 - A confección da xustificación de gastos de funcionamento confeccionarase seguindo o disposto na aplicación informática XEOCENTROS.
- **Publicidade:**
 - Corresponde ao Consello Escolar a avaliación do presuposto e a súa aprobación sendo valorado previamente polo Claustro.
 - A aprobación do axuste orzamentario realizarase no prazo dun mes, contado a partir da data na que o centro recibe a comunicación da asignación orzamentaria para gastos de funcionamento.
- **Previsión:**
 - Procurarase que ao final do exercicio económico quede algún remanente para poder facer fronte aos primeiros gastos que xurdan ao comezo do novo exercicio económico.

- **Reaxuste:**
 - Axustarase en calquera momento do ano, debido a ingresos e gastos non fixos e en función das necesidades que se produzan
- **Outras :**
 - O centro docente poderá levar a cabo a adquisición de equipos e material inventariable, con cargo aos fondos recibidos para gastos de funcionamento, sempre que concorran as circunstancias seguintes:
 - Que queden cubertas todas as necesidades para o normal funcionamento do centro.
 - Que ditas adquisicións teñan un límite máximo que quedará cuantificado no 10% do crédito anual librado a cada centro con cargo ao orzamento para gastos de funcionamento.
 - No desenvolvemento da xestión económica deberán seguirse as orientacións propostas nas fases seguintes:
 - Establecemento dun balance que permita coñecer cal e a situación real do centro.
 - Confección dun orzamento que de resposta a todas as inquedanzas e proxectos que se desenvolvan no Proxecto Educativo.
 - Emprego dun método contable claro e preciso. No noso centro todo o proceso de contabilidade realízase en follas de cálculo polo Secretario
 - Presentación da liquidación do orzamento e o balance económico final, da cordo co proceso contable seguido, ao Consello Escolar, para a avaliación da súa execución; a aprobación por parte da dirección do centro e a rendición de contas á Xefatura Territorial a través do servizo de Xestión Económica.

2.2 Etapas na confección do proxecto económico

As etapas na realización do orzamento do noso centro son:

- Determinar as necesidades e prioridades a través do Proxecto Educativo e de dirección.
- Concretar unha proposta de orzamento que levará a cabo a persoa responsable da secretaria do centro.
- Avaliación e aprobación do presuposto definitivo por parte do Consello Escolar , o Claustro e da Dirección do centro .
- A persoa responsable da secretaría levará a contabilidade e realizará o seguimento e o control de gastos. A persoa que exerza a dirección do centro, deberá autorizar os gastos e os pagos.
- Efectuarase a aprobación das contas empregando os modelos establecidos na lexislación e aplicacións informáticas vixentes, analizando o cumprimento do orzamento.
- Procederáse á xustificación das contas ante o organismo competente.

2.3.Distribución dos ingresos entre as distintas partidas de gasto

- Os ingresos desglosaranse segundo a súa procedencia ao concepto polo que foron librados.
- Teranse en conta os gastos executados no exercicio anterior.
- Estudiaranse, anualmente, as esixencias reais do centro.
- Distribuiranse de xeito que queden cubertas as necesidades prioritarias do centro.

Farase unha proposta aproximada para a distribución de ingresos para gastos de funcionamento tal como se indica na seguinte táboa. Procurarase deixar un remanente aproximado ao 10% do total de ingresos.

CONCEPTO	PROPOSTA (%)
Reparación, mantemento e conservación	10%

Material de oficina	5%
Subministracións	53%
Comunicacións	3%
Tributos	0.5%
Axudas de custo e locomoción	0.5%
Gastos diversos	9%
Mobiliario e utensilios inventariables	3%
Outros materiais inventariables	1.5%
Mobiliario e fondos de biblioteca	4.5%
TOTAL DISTRIBUCIÓN APROXIMADA	100%

3. Criterios para a xestión das substitucións das ausencias do profesorado

Os criterios á hora de xestionar as substitucións precisan dun procedemento claro e rigoroso que será dado a coñecer a todos os membros dos equipos de coordinación docente.

- Cando un mestre/a teña licenza ou permiso e ata a chegada do substituto/a, de ser o caso, seguirase a seguinte orde de substitucións:
 - Mestres/as de garda
 - Mestres/as que realicen funcións de apoio ou reforzo na titoría afectada
 - Mestres/as con horas de dinamizacións.
 - Membras da Equipa Directiva.
 - Mestres/as que teñan redución horaria por ser maiores de 55 anos.

 - Nos casos nos que o centro non poida atender a todos os grupos, e esgotados os recursos humanos dispoñibles, realizarase una unificación de aulas.

- Na xestión de substitucións deberanse ter en conta os seguintes principios organizativos:
 - Nas ausencias previstas os docentes a substituír facilitarán a programación concreta prevista á xefatura de estudos para que poda contar con ela o profesorado que substitúa a ausencia.

- En ausencias imprevistas, o docente do mesmo nivel facilitará a programación do equipo ou nivel, no seu caso, para a unidade a desenvolver polo profesorado que substitúa a ausencia.
- No caso de ausencias previstas de algún membro do Persoal de Administración e Servizos, este proporcionará á secretaría a programación ou rutinas de traballo para facilitar á persoa que se faga cargo de dito posto a continuidade do mesmo coa maior eficacia posible.
- Xestionaranse as baixas superiores a quince días ou toda baixa que se coñeza ou prevea de longa duración, desde o primeiro día, de cara a solicitar o persoal externo que corresponda.
- Todo o persoal docente estará dispoñible para a cobertura dunha baixa temporal, segundo o establecido, en calquera aula ou unidade do centro, tanto en infantil como en primaria.
- Para garantir o dereito constitucional á folga, o profesorado e o resto do persoal en folga, non será substituído. A dirección do centro disporá, en caso de folga, do persoal de servizos mínimos que dispoña a normativa, para atender ao alumnado que ese día asista a clase e cuxos mestres/as estean a exercer o dereito á folga

4. Medidas para a conservación e renovación das instalacións e do equipamento escolar

Dividiremos este apartado en dous grandes bloques:

a. Conservación e renovación das instalacións e edificio do centro

- Incluirase no Plan de Convivencia do Centro e nas NOF o responsabilizar á Comunidade Educativa do coidado e mantemento das instalacións.
- En caso de danos producidos por mal uso, con intencionalidade, contra as instalacións ou o edificio, reunirse a Comisión de Convivencia para ditar normas de actuación.
- O mantemento das instalacións e edificio do Centro, realizarase co orzamento

anual destinado a tal fin polo Concello de A Coruña. Farase un mantemento preventivo en algúns elementos como canlóns, tellado, limpeza de arquetas, servizos...entre outros.

- Cada dependencia do Centro disporá dun parte de incidencias para anotar as deficiencias das instalacións, coa finalidade de manter informado á Equipa Directiva de cara a tomar as medidas necesarias.
- Realizaranse melloras estéticas de cara a conseguir un centro mais amable visualmente

b. Conservación, inventario e renovación do equipamento escolar

Dentro do equipamento escolar incluiremos:

- Mobiliario escolar por dependencias.
- Libros de texto propiedade do centro.
- Biblioteca.
- Material informático: ordenadores, pizarras dixitais, proxectores...
- Material deportivo.
- Material didáctico.

Para cada un destes apartados o centro conta cun protocolo de actuación:

- **Mobiliario escolar por dependencias.**
 - O Centro conta cun rexistro de inventario de mobiliario por dependencias, na aplicación XADE. Dito inventario contempla uns apartados para rexistrar a conservación deste, tanto de altas como de baixas, especificando o motivo da mesma.
O inventario é actualizado polo secretario/a e anualmente ,para comprobar o estado de conservación e anotar as baixas cando sexa preciso, pode solicitar inventarios de aula ao profesorado.
- **Libros de texto.**
 - O profesorado inculcará ao alumnado, a través das distintas áreas do

currículo e no desenvolvemento das competencias sociais, os hábitos de coidado dos libros de texto que serán empregados por outros/as compañeiros/as en cursos sucesivos. Así mesmo, no referente ao coidado, mantemento e reposición dos libros, atenderémonos ao estipulado na lexislación específica.

- A administrativa do centro levará a cabo un inventario dos libros de texto utilizados en todas as etapas e cursos, a través da aplicación FONDOLIBROS.
- Cando un alumno/a se traslade a outro centro, entregará os libros de texto asignados en FONDOLIBROS, ao seu correspondente titor/a.
- Ao finalizar o curso, os/as titores/as, recollerán todos os lotes de libros existentes e entregarán o estado correspondente a persoa responsable da secretaría do centro.

- **Biblioteca.**

- O/a responsable da biblioteca actualizará, durante os primeiros meses do curso escolar, o inventario dos libros existentes e dará de baixa aqueles que se atopen en mal estado. Así mesmo, propondrá á Equipa Directiva a adquisición de aqueles exemplares que considere necesarios para a mellor consecución dos obxectivos expostos no PE.
- O centro deberá engadir unha cantidade significativa e recollida no orzamento á xa asignada polo Programa Plambe para favorecer a mellora deste espazo do centro.

- **Material informático.**

- O centro conta cun rexistro de inventario de todo o material informático na aplicación XADE.
- O equipo de dinamización TIC revisará os equipos, cando sexa preciso, e procederá á súa limpeza física, de software e hardware e solicitará á dirección a posibilidade de reposición dos equipos obsoletos ou dados

de baixa.

- **Material deportivo.**

- Os mestres/as especialistas en Educación Física, revisarán ao principio de curso, o inventario do material deportivo e proporán á Equipa Directiva, a baixa do que se atope en mal estado, a reposición e a adquisición de aquel material que estime necesario para a consecución dos obxectivos propostos no Proxecto Educativo.

- **Material didáctico.**

- Será rexistrado nun inventario específico desglosado por dependencias.

5. Criterios para a obtención de ingresos derivados da prestación de servizos distintos dos gravados por taxas, así como outros fondos procedentes de entes públicos, privados ou particulares. Todo isto sen prexuízo de que reciban da administración os recursos económicos para o cumprimento dos seus obxectivos anuais.

Os ingresos que poda percibir o centro por parte de entes públicos, privados ou particulares, polos motivos que sexan, faranse efectivos na conta oficial e única do centro. Salvo que teñan un destino específico, engrosarán a conta de ingresos e aplicaranse aos gastos de funcionamento do centro finalidade de asegurar o normal desenvolvemento das actividades propostas.

A dirección do Centro solicitará á Xefatura Territorial a autorización para a utilización temporal, e a peticións das mesmas, das súas instalacións e sempre que as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, asuman a responsabilidade de asegurar o normal desenvolvemento da actividade proposta; adoptar as medidas necesarias de control e o axeitado emprego das instalacións, así como sufragar os gastos ocasionados por posibles desperfectos, perdas ou roturas do material, instalacións ou servizos e calquera outro derivado directa ou indirectamente da realización da actividade solicitada.

As aportacións materiais de calquera tipo, que podan realizar as editoriais, empresas, entes públicos, asociacións ou particulares, realizaranse a través da Equipa Directiva e incluíranse no inventario correspondente.

6. Procedementos para a elaboración do inventario anual xeral do centro

Tal como figura no ROC, será función do/a secretario/a do centro, a elaboración, control, actualización e custodia do inventario Xeral do Centro.

O rexistro do inventario recollerá os movementos de todo o material inventariable do centro incluíndo tanto as incorporacións como as baixas que se produzan, independentemente da súa procedencia e cuxo destino e emprego sexa o centro.

7. Criterios para unha xestión sostible dos recursos do centro e dos residuos que, en todo caso, será eficiente e compatible coa conservación do medio ambiente.

Cada vez é máis necesaria a concienciación de cara aos membros da Comunidade Educativa e, en especial ao noso alumnado, de que a nosa capacidade como consumidores convértese na ferramenta principal para introducir prácticas e alternativas que minimicen a explotación dos recursos naturais e supoñan unha redución na xeración de residuos. Deben tomar conciencia que a reciclaxe é o reproceso dos materiais empregados, que doutro modo perderíanse, reutilizados de xeito que se poidan empregar na elaboración de produtos novos.

Nese senso o noso centro, en colaboración coas distintas administracións públicas, e en especial con aquelas que teñen delegada a xestión de residuos, porá en marcha unha serie de medidas encamiñadas a unha xestión sostible dos recursos e residuos do centro; para isto teremos en conta o seguinte:

- **PILAS:** Un contenedor de pilas usadas ubicado na conserxería co centro. Deste xeito evitamos que os materiais altamente contaminantes se mesturen co lixo residual do centro .
- **PAPEL:** Dado o volume de papel que se produce en todas as dependencias do centro, dispoñemos de papeleiras específicas e no exterior do edificio hai un depósito específico para a recolleita de papel.

- **PLÁSTICO:** Realizárase una recolleita selectiva nas aulas de envases de distintos tipos de cara á súa reciclaxe.
- **VIDRIO:** Na saída principal do centro dispoñemos dun contedor para envases de vidro, cuxo emprego divulgamos e fomentamos no colexio.
- **RESIDUOS ORGÁNICOS :** Nas aulas hai contedor específica para a recollida de residuos orgánicos que deben ser vaciados diariamente no composteiro do horto escolar.

Os residuos orgánicos xerados polo comedor son depositados nos contedores específicos e son retirados diariamente pola empresa responsable do cátering.
- **CONSUMIBLES INFORMÁTICOS:** Empregarase, na medida do posible, tóner e cartuchos reciclados. Os residuos que se orixinen, e a nivel xeral, será responsabilidade das empresas subministradoras a súa retirada e reciclaxe. Cando non poda ser dese xeito, levarémolos a puntos limpos a través dos servizos municipais.
- **OUTROS:** As lámpadas fóra de uso, así como os restos de materiais reciclables almacenaranse para a súa entrega nun punto limpo do Concello.
- **FOTOCOPIAS:** Procurárase que o material a fotocopiar sexa por ambas as dúas caras, cando sexa posible, para o aforro de folios; non realizar fotocopias innecesarias e intentarase atender a un reparto equitativo de material a fotocopiar segundo as necesidades dos grupos, profesores e áreas.
- **AUGA:** Tratamos de concienciar ao noso alumnado para que fagan un consumo responsable, tanto no centro como nas súas casas .
- **ELECTRICIDADE:** Tratamos de concienciar ao noso alumnado para que fagan un consumo responsable, tanto no centro como nas súas casas, apagando as luces das distintas dependencias cando non sexan necesarias.
- **ACTIVIDADES:** O centro valora positivamente a forma de traballo que reduza a produción de residuos. Fomentaremos a participación en campañas de repoboación de arborado organizadas por institucións e entidades do entorno; no reciclado coa realización de actividades motivadoras que inclúan actividades deportivas, manualidades, artísticas...no que se empregue material reciclado.

Priorizaránse aquelas ofertas de actividades que motiven o emprego responsable e ecolóxico dos materiais

Para levar a cabo todas as accións anteriores, o papel das administracións públicas e entidades privadas, ONGs, etc... é fundamental para posibilitar una xestión de recursos eficiente e axeitada; polo que faremos chegar a ditas administracións a necesidade de poñer en marcha medidas de xestión que posibiliten a consecución dos obxectivos que pretendemos, e dicir, fagan chegar ao centro os medios e recursos necesarios para poder realizar una xestión de recursos axeitada ao recollido neste Proxecto de Xestión.

8. Outros aspectos relativos á xestión económica do centro non contemplados na normativa vixente, á cal, en todo caso, deberá supeditarse

Funcionamento da Comisión Económica:

- A Composición da Comisión quedou establecida na derradeira elección dos membros compoñentes do Consello Escolar.
- As súas funcións, a nivel económico, serán as seguintes:
 - Informar e avaliar o proxecto de orzamento elaborado pola persoa responsable da secretaría.
 - Supervisar o desenvolvemento dos gastos verificando que se atean ao orzamento xeral do centro.
 - Informar ao Consello Escolar do contido da xustificación de gastos previo á súa aprobación pola dirección.
 - A Comisión reunirse para avaliar e informar o proxecto de orzamento, a súa aplicación e estado de contas e a xustificación de gastos segundo o momento.
 - Reunirse tantas veces sexa preciso para a resolución dos informes que lle sexan encargados ou o estudo das reformas dos orzamento.



Proxecto de Xestión

O presente Proxecto de Xestión foi informado e avaliado positivamente polo Claustro e polo Consello Escolar e aprobado pola Dirección do Centro na reunión celebrada o día 7 setembro 2023.

A Directora e Presidenta do Consello Escolar

Asdo M^a Carmen Iglesias Iglesias